



Luís Caparrós
Esperante

chuvia sobre
o mar



EDICIÓNS
laiovento
LAIOVENTO

Narrativa

Luís Caparrós Esperante



Luís Caparrós Esperante (A Coruña, 1952), foi profesor de literatura española na Universidade da Coruña até o seu retiro, hai tres anos. Nesta universidade ocupou tamén o cargo de vicerreitor entre 2008 e 2012. Antes, e durante dezaoto anos, foi profesor da mesma materia na Universidade de Valladolid. É autor de libros, edicións e artigos académicos sobre teatro do XVI e XVII e, sobre todo, de lírica contemporánea, especialmente do XIX e XX. Editou, por exemplo, a poesía completa de Nicomedes Pastor Díaz para a Universidade de Alicante e ten varios traballos sobre Rosalía de Castro. No século pasado foi un dos membros do Grupo do Castro, pioneiro no desenvolvemento do cómic en lingua galega e medio de acción antifranquista, xunto a Chichi Campos e os irmáns Xosé e Rosendo Díaz. Xa en Valladolid, os seus primeiros poemas mereceron un monográfico da revista *Los Infolios*, dirixida por Miguel Casado. Non se lle coñece outra obra poética publicada até hoxe.

1. Imaxes esvaídas

Estamos mortos. Non teño a certeza, pois esqueceron recoller os nosos corpos, mais estamos mortos. Poderían as túas mans traspasarme como boneco de néboa e aínda ficaría eu invisible e calado detrás de ti. Vagamos por un país estraño, esfumados entre imaxes viradas a ocre. Vibramos ao son de pasadas melodías. Os nosos corpos marchan sen peso e descalzos polos corredores sen alzar un rumor. Virá despois o cheiro nauseabundo das augas estancadas baixo o barco, en dársena angosta. Mais por algures deslízase aínda o recendo fresco do mar aberto.

Baixo a lúa nova, só este papel branco proxecta luz, só este rectángulo, esta porta entreaberta.

Acordo dun soño estraño, un soño a destempo, dos que levantan acidez no espírito. Veme encurvado e sen afeitar, o abrigo marrón raído, o nó da gravata descomposto, procurando erguer o enorme peso do bigote para un sorriso... É canto fica. Si, aínda o meu sombreiro conserva prestancia, mais haberei de confesar que, contra a norma dun auténtico cabaileiro, dedico boa parte dos aforros a mercalos por ducias, en canto de cultivar a pátina do uso. Os tempos axudan, porque ningún de vos entende un carallo de sombreiros.

Por que non dicilo? Escribir é un xeito de vivir a destempo canto non souben vivir. Inventemos logo esas historias. O meu barco cruza esta noite mares tempestuosos. Chegan de lonxe os roucos brados das ondas sobre as rompentes e o vendaval, única voz que me acompaña, asubía baixo as portas e esnaquiza as pólas das maceiras. Para que enganarse? Nada agardo e acaso non teña tempo para reescribir a vida antes de que o meu pailebote remate escachizado. Aínda así, hei de saber que sucedeu, por que non souben advertir a inminente ruína.

É como pisar de novo a terra tras un chouto longo. Como se nun intre, dobrada a curva do Vilar, o altísimo horizonte

de mar non che coubese nos ollos e rebordase con tanta luz. Durará o tempo dun pestanexo e de seguido volverás respirar, xa no descenso. Até o porto, o mar irá afundíndose na mesma medida en que se van elevando os montes, até acoutar unha longa e estreita greta azul no alto. Vistos desde o val, os pene-dos nus dominan desde a súa coroa a suavidade das leiras, o tecido irregular das terras de labor, soutos, fragas entre penas, fíos de auga, casiñas fumegantes, hortas pechas, liñas traza-das sen orde arredor da estrada.

E axiña acoden os ulidos: a herba segada, a bosta, as algas no devalo, a madeira queimada, o pan saído do forno, o peixe podre. No peirao, o momento será de calma, na agar-da do solpor e do retorno dos barcos, envoltos en nubes de frenéticas gaivotas. Correrán arreo as caixas de man en man no rebumbio da lonxa, e apurarán os homes os restos do día sobre cuncas de viño mesto na escuridade da taberna, men-tres soan na radio tangos entrecortados, historias de amores malfadados, vidas perdidas. Si, é como regresar a terra tras moito navegar.

Don Nicolás conducíaos polo escuro vestíbulo até o salón. A luz filtrada polas xanelas a medio abrir deixaba ver o des-lucido papel cremoso das paredes, xenerosamente cubertas de cadros e porcelanas, santos policromados, cachifallos mecá-nicos, vitrinas ateigadas de copas e xerras, moedas antigas, colares de contas, caixiñas, fotografías, libros amareentos, até semellar antes quincalla que reliquias de anticuario. Non daban encaixado as pinturas modernas en medio daquela mes-turanza de velleces, e mesmo facíase difícil descubrir o fío secreto que ligase o herdado co vivido. Ao outro lado do cuar-to, un piano lembraba de modo preciso o pasado afán de don Nicolás. Tamén os motivos mariñeiros, o mascarón de proa, un enorme compás, un temón de madeira, resultaban nesta altura a metáfora dun naufraxio.

Foron sentar na illa luminosa onde resistía o derradeiro sol da tardiña. Luscinda ficaba sempre uns pasos detrás, sen atender a ollada preocupada do vello, consciente de que ela, máis que explorar obxectos, andaba a escaravellar nos faiados da súa alma. Cando a afoutaba a ocupar o asento, ela arras-traba aínda máis os zapatos, pasaba un dedo sobre as cerámicas e, sen deixar de sorrir, arrimaba o nariz aos libros que ía abrindo, levantaba a tapa do piano e comprobaba a afinación ou escorregaba a palma da man polos cantos torneados dos mobles como se fosen un corpo.

Unha cantaruxada.

Yo no sé si sabré,
ay, no, no, no,
yo no sé si sabré...

Baixaran cinco viaxeiros do autobús entre unha mesta poeira. O vello adiantárase varios pasos, co pano sobre a boca. É el, pensou, e adiantaba os brazos cara un mozo vestido cun traxe gris de boa factura que cargaba dúas pesadas maletas. Se aínda déixase ver o cativo baixo o bigotiño de home, se son os mesmos ollos, malia as lentes... Abrazábanse. Que simpático, ese bigote de actor na súa cara de nenño. Dábanse palmadas fortes nas costas. Canto me alegre, Amaro, canto me alegre. Amaro, o mozo, sacábase o sombreiro e o vello comprobaba a ausencia daquel guecho sempre alborotado, agora domado pola brillantina. Don Nicolás, cantas ganas tiña de volver a velo, pero que garrido se lle ve. Si, ho, iso sempre se che di cando andas nas últimas. O mocososo xa non lle cabía entre os brazos, convertido neste Amaro Mariño, todo un señor en traxe de avogado e con bigote perfilado. Ela... Ela permanecía uns pasos atrás.

—Tío, ela é Luscinda, a miña alemaniña fermosa. A que non lle enganaba nas cartas?

Don Nicolás inclinárase con ademáns de galán e rozálle a man cos labios. Ela sorría sen dicir nada e el non deixaba de rebrincar mentalmente entre os bucles louros que escapaban do pequeno casquete negro, ou reprimía a gana de acariñar as fochiñas rosadas que o sorriso formaba nunha boca quizais grande de máis, cos labios demasiado carnosos, pensaba. Aquel modo de mirar, os ollos claros e intensos, non se correspondía coa timidez do sorriso e don Nicolás, que suxeitaba aínda a súa man, tivo a desagradable sensación de que aqueles dedos finos que se lle abandonaban en realidade estaban a prendelo a el. Non sabería dicir se era guapa. Secou algunhas pingas de suor que escorregaban polo bigote.

—Alérome de terte aquí, Luscinda. Amaro non minte.

E agora Luscinda parecía facerse dona do salón, como antes fixera coa man de don Nicolás. Acercábase aos ollos un caderno de partituras onde aparecía na capa, con entrelazados motivos vexetais, o nome de don Nicolás Mariño.

—Volveu compoñer?

—Compoñer? Non, filla, iso é auga pasada. Como case todo aquí... —Mais non puido evitar preguntar: —E ti, que sabes diso?

Luscinda sentaba por fin con movementos preguiceiros e, sen abandonar o sorriso nin abrir os labios, pasaba as páxinas en busca dalgo. Unha criada entrou cunha bandexa con lambetadas e varias cuncas pequenas.

Si vienes junto a mí,
el ritmo de tus pies
me habla de un jardín
y un sol de atardecer:
te haces canción.

Luscinda cantábao cunha media voz arrastrada e un chisco rouca. Amaro enxergaba o vello e este sorría coa boca ben aberta. Incluso animábase a cantaruxar:

Me dejaré arrastrar,
 hundido en el azul,
 sabiendo que al final
 tan solo quedas tú:
 te haces canción.

Ceibaron unha gargallada ao mesmo tempo e ela fechou o libriño cun golpe seco:

—Encántame este bolero, sabe? —Botouse a rir—. Sinto calor cando o escoito —e cruzaba os brazos sobre o peito. Brillábanlle as fochiñas.— É coma un abrigo de pel, moi suave.

—Manda carallo! Á peletería débérame dedicar eu! Ho, ho, ho!

Érache ben fermosa a alemá, cona. Tentaba a profundidade. A súa agostada galanura parecía remexérselle no máis fondo da alma.

Tantas noites tombado entre as sombras do meu camarote, ao vaivén das ondas de alta mar, único tripulante deste escuro e vello pailebote, á deriva polas lindes das terras coñecidas. Tantas melodías escoitadas a flor de auga, mentres a proa cortaba aceiradas correntes sen memoria. Vamos. Tantas cancións escritas sobre o papel pautado que antes foran continuo rumor nas amuras.

Cortaríame os dedos. Hoxe xa non saben esvarar sobre as teclas. Non, están agarrotados, míraos. Esqueceron canto sabían. E non me abonda a música silenciosa que alzo do pentagrama. Será que necesito agora a palabra, explicarme a min mesmo coas palabras que tanto estraño a bordo deste barco varado. Soamente fica a escritura, ser por fin só voz e esco-rer sobre as palabras como antes sobre as ondas. Isto quixera dicirche mentres mancho coa miña letra enorme e torpe a primeira páxina do caderno. Escribirei como quen fai música, para que soe como a surada partida pola proa. Mando enmu-

decer o mar, fágoo esvaecerse na brétema. escoita agora, nesta noite xa sen vento nin ondas, como responden ao roce da pluma soamente os renxidos da madeira. escoita a miña respiración. Vamos.

Risas. Cuncas baleiras. Refrescos. Apuraba as olladas. Os seus dedos cinguían como por descoído a cintura da rapaza, tan firme. Íalle amosando cada obxecto do salón e deles desprendía unha historia, se crible ou non, iso era o de menos. Aquel piano pertencera a misia Alfonsina, devanceira poetisa de canda 1850, de quen gardaba algún libro por aí. O temón viña dalgunha poxa de barcos desmantelados, iso era certo, pero temóns como aquel chegara a usalos en moitos dos barcos en que navegara, e algo semellante diría do precioso mascarón de proa coa sirena roxa de grandes peitos alzados, se non fose porque databa do século dezaeito. Boa parte dos obxectos correran de man en man polas casas familiares e, fóra dos chegados por herdanza, outros foran apañados en máis dun velorio.

—Gústame esa pintura —dicía ela.

—Ben, pero repara nestoutra: unha acuarela de Villaamil.

—Non ll' é a que máis me gusta. E esa?

—Esa conseguina en París, hai mil anos. É chocante, mais disque é boa.

—Meu pai é pintor —murmurou ela.

—De veras? Igual sóame o nome? E túa nai?...

—Meus pais están separados.

Escribir, acordar a conciencia do vivido, mais as palabras son demasiado delgadas. Se puidese fundir a enguedellada caligrafía destas liñas sobre o pentagrama...

Condenado a escribir, condenado a dicirme unha vez e outra, condenado a sobrevivir. Onde fuxiu a vida? Abondaría recomenzar por un nacín tal día de tal ano en tal lugar? Non.

Demasiado tarde. E ademais, nacín tantas veces —nas amuras dun buque, nos ollos dunha muller sen nome, sobre un cabezal húmido de sangue. Expressaríaio mellor un violín, sen dicilo. Mais soamente fican as palabras, condenado a agardar.

Antes deste, houbo un buque chamado Mar de Lira co que entrei atemorizado, case un neno, nos escuros mares de Terranova, aló onde a propia costa, insegura, contén a respiración. Era un daqueles vellos buques de vapor e vela, sempre a renxer coma unha galerna. Con el aprendín o valor do silencio, e tamén o da forza, mais daquela botaba eu de menos o bulicio das vilas, os bailes, a xente vestida de domingo polas prazas.

Cantas veces, en medio do vendaval, sen eu saber por onde andaba o teito e onde o chan ou as paredes, interrompía os paternóster e cerraba con forza os ollos para recuperar a vista do palco da música, os escintileos do sol nos botóns de cobre dos músicos, e bailaba e bailaba, no meu camarote ou na cuberta, bailaba esmagando contra o meu corpo unha saia amidonada, cinguindo entre os dedos unha cintura estreita, ulindo os cabelos de muller que o vento me enviaba!

Agora, cando todo vai sendo literatura, arelo en troques aqueles mares, o seu perdido ventre húmido, máis amable có dunha nai, mas xa so navego por palabras. Enténdemo ben, persigo golpes de illas no refluxo dos recordos. Soamente a forza de palabras reteño o tempo e largo a áncora nas horas, algo que a xente moza non podedes entender, porque para vos o tempo é invisible e para min, simplemente, xa non é.

A tarde ía así caendo, lenta en aparencia, como lento era o declive da luz e, non obstante, suxeita a unha subterránea vertixe. Falou moito máis o tío Nicolás do que escoitaba, pois lle pesaba a necesidade de falar. Comeron algo. Beberon abondo. O sopor do viño mantíñaos derrubados a carón da cheminea.

Luscinda saía un momento para refrescarse e regresaba Aurora, a criada, movendo o corpo con graza mentres sustiña

no brazo unha fonte. Amaro ficou a ollala por riba da súa copa. Logo, fechou os ollos e apurou o derradeiro resto de viño. Axitábanse as aletas do seu nariz como se ulise con rara intensidade. Cando volveu abrilos, xa ela non estaba. A don Nicolás agradoulle ese inesperado abandono de seu sobriño. Percibía nel unha aura de seguridade, acaso polos zapatos negros e brillantes ou o bigote recortado, as mans finas e enérxicas, quen sabe. E logo, era tan diferente a el, tan calado e pudoroso, sempre tan exacto. A moza era outra cousa. Enxergábaa a través da xanela, aí fóra, coa cabeza botada para atrás, esponxando o cabelo louro. Habería que saber interpretar os lampos calados dos seus ollos, que en absoluto demandaban unha fácil simpatía, senón que semellaban acochar, como en certas plantas ou insectos venenosos, unha escura violencia.

Nicolás despediu a Aurora cando xa o salón estaba en penumbra. Luscinda tropezou con ela ao volver e sorriron ambas. O vello prendía a cheminea, non sen lembrar as propiedades caloríferas daquela canción e, como tantas tardes, a madeira prendeu e as lapas subiron con forza. Cando deron as nove, as sombras volvían todo máis caduco.

Imaxes esvaídas.

Nada se presentara como excepcional naquela mañá distante, vulgar e luminosa, cando vin vivir aquí, en medio dun inverno suave de hai moitos anos. Fora un día coma outro, sen anxos coléricos de espadas flamíxeras nas portas da cidade, mais cando cheguei tiven a sensación de ter unha maceira a medrar no peito. Coa cabeza reclinada no respaldo, intentaba non pensar senón no letárxico rum-rum do motor. Imaxes esvaídas, esvaído eu mesmo. Non lembro se cheguei en medio dalgún soño.

Despois, atravesaba outro inverno, e outro, e outro aínda, nave varada en terra, a pel en contacto coa superficie rugosa de ceos grises, atento a ventos cambiantes, con todo o corpo

a aspirar o recendo da terra húmida, vida en fermento, aguza-dos os ollos para os mínimos cambios da mínima folla, para os matices entre un verde vivo e aquel borde xa con ocres, anuncio de amarelos, e os ouvidos ben espertos para os ritmos da chuvia, os agudos nas charcas ou case xordos sobre a herba, cando non o timbal dos tellados.

Non era a fin dalgo, senón un recomenzar. A miña libreta de enderezos ía semellando un mostrario de lápidas funerarias e retirábame a este pregue do mapa cando, na miña loita ante o espello, souben me recoñecer derrotado. Deixaba detrás unha imaxe aceptable de galán maduro e, sobre todo, tres ou catro cancións que a estas alturas recoñezo como miñas. A fin de contas, veñen ser unha coquetería máis, murcha coma as gardenias do frac. De cando en vez, recibo a carta dalgunha admiradora e, de modo inevitable, asústame comprobar como aquelas parvadas interesan aínda a seres para quen nunca compuxen. Non me rindo ás tentacións, porén, e mantéñome firme na decisión de non regresar, de deixar atrás esa última imaxe de galán algo libertino. Acaso vouna trocar a estas alturas polo seu reflexo grotesco e reseco? Ca! Aquelas cancións deixaron de ser miñas.

E despois, o sangue era cada vez máis frío e preguiceiro, os invernos lentísimos coma a mesma morte, tal un glaciario, inverno após inverno. Disque así é morrer por conxelación, unha aperta invisible, traidora, gustosísima.

Tantas imaxes.

Envexaba en Amaro e Luscinda o seu xeito de rebrincaren, o amor fóra de rutinas nin romanticismos. O meu vello casal máis semellaba agora pazo troiano que mausoleo. Os seus muros, afeitos aos meus costumes, parecían erguer as pálpebras con asombro e verían medrar en cada recanto diminutas campánulas azuis e carmín. Tamén baixo a miña sombra abrochaban follas verdes e violetas e, moi pausada, diluída entre os grises dos meus ollos, brillaba polos abrentes unha minúscula faísca azul ultramar.

Vellas imaxes.

Botaría follas, reverdecería. Si, patriarca, o máis vello dos Mariño, enterrada a tía Benedicta xa vai para tres anos, eu, Nicolás Mariño, son o penúltimo froito de tres xeracións de usureiros, negociantes, rendeiros, explotadores coloniais, escravistas, labregos ricos, militarotes. Houbo algún raro intre de cultura, e sempre a tensión entre as pólas e as raíces, entre quen escolleron a terra —coma toupeiras— e quen foron procurarse a vida máis aló do mar. Todo iso cabe nas miñas mans grandes e aínda fortes, olla para elas, de home que andou embarcado. Algo de todos eles herdei, por máis que quixera fortuna propia. Mais esta vella árbore botaba follas a destempo.

Xa era hora. A conversa ía mingando e, coa única luz da cheminea, os corpos cansos esvaraban á horizontal. Erguéronse. Houbo curtos adeuses, pasos sobre a tarima, portas cerrando, queixas da madeira vella. Luscinda e Amaro escoitaron a pouco, mentres desfacían as maletas, os ronquidos do tío. Eles non querían durmir. O día fora longo e sabían, como todo viaxeiro experimentado, a importancia das primeiras impresións, eses momentos ateigados de novidade destinados a marcarse na memoria. Querían modelar eses últimos minutos do día, conscientes de traballar unha fermosa lembranza.

Estaban sentados na galería do seu cuarto, baixo unha ampla manta, a fumar a medias un cigarro. A lúa estaba baixa e na negrura non se distinguían os aguillóns do monte. Soamente brillaba un regueiro de luces illadas que se apertaban ao longo do val até formaren un acio. Outras luces, máis febles, titilaban no ceo limpo de xaneiro. De cando en vez, a sombra dun morcego cruzaba, e entón Luscinda apertaba o brazo de Amaro. Fumaban en silencio e, a cada calada, cambiaban de lugar as sombras. Os pensamentos, como aqueles

morcegos, como as sombras, xiraban todos arredor daquela galería escura, nunha escura casa da ladeira máis negra do val de Carnoelle.

—Ben, xa estamos aquí —dixo ela—. Estarás contento.

—Confía en min.

—Estaríamos aquí se non fose así?

Non houbo resposta. A voz dela volveu soar, aínda que máis frouxa:

—Asústame tanto a idea de volver.

El agarroulle a man:

—Non hai volta. Todo comeza agora.

Amaro inclinouse para apagar o cigarro e, ao levantarse, beixou o pescozo de Luscinda. Non dixeron máis. Apertábanse xa baixo a manta.

ÍNDICE

PRIMEIRA PARTE

Por mares sen cartas

| | |
|---|----|
| 1. Imaxes esvaídas | 13 |
| 2. Mariñeiro Amargo | 24 |
| 3. Ollos cerrados, ollos abertos | 40 |
| 4. Liebe ist ein Geheimnis | 45 |
| 5. A multiplicación das bragas | 57 |
| 6. O Circo da Memoria e da Sospeita | 64 |
| 7. Memorias da China | 80 |

SEGUNDA PARTE

A vida, hotel de paso

| | |
|--|-----|
| 8. Cor de presente habitual..... | 93 |
| 9. Fondos..... | 105 |
| 10. Esa muller aí abaixo..... | 108 |
| 11. Lola, Lola, Lola... .. | 120 |
| 12. Sempre pequena madama Xandra | 133 |
| 13. Formas da luz | 138 |
| 14. Desde o fondo desa porta iluminada | 147 |

TERCEIRA PARTE

Ven ver a chuvia sobre o mar

| | |
|---|-----|
| 15. Ferro e plumas | 159 |
| 16. Cando te fuches, buscareite sen repouso | 173 |
| 17. Escuras galerías | 178 |
| 18. Longa deriva | 186 |

| | |
|--|-----|
| 19. Luar sobre un estanque xeado | 190 |
| 20. Vendo chover sobre Carnoelle | 198 |
| 21. Últimas imaxes | 208 |